

A feminista india N. Manimekalai viaxa a Galiza para dar a coñecer o impacto das microfinanzas sobre as mulleres do seu país

A doutora en Económicas e directora do Centro de Estudos de Xénero da Universidade de Bharathidasan vén invitada por Implicadas no desenvolvemento, ao ser tamén a asesora de xénero nos proxectos de cooperación ao desenvolvemento desta ong galega na India

N. Manimekalai, directora do Centro de Estudos das Mulleres da Universidade de Bharathidasan (Tiruchy) dende 2004, estará en Galiza do 10 ao 24 de abril para expoñer as conclusións dun proxecto de investigación centrado na análise do impacto sobre as mulleres dos diferentes tipos de microfinanzas. N. Manimekalai é a asesora de xénero dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento que Implicadas/os no desenvolvemento apoia na India. Nos diferentes actos nos que participará, a tamén doutora en Económicas explicará o funcionamento do Centro de Estudos das Mulleres que dirixe dende hai tres anos, no que se creou un Máster de Xénero, se organizou un departamento de orientación e asesoramento ás mulleres que queiran comezar unha actividade empresarial, se realizaron igualmente cursos de sensibilización en xénero para persoal de oenegués, profesorado, estudantes, etc, e se puxeron en marcha varios Clubs de Xénero en diferentes Facultades da Universidade, co obxectivo de fomentar unha conciencia de xénero, de sensibilizar sobre a desigualdade de xénero e analizar as representacións das mulleres nos medios.

Ademais, a Dra. N. Manimekalai ten recibido varios premios de investigación, ao longo da súa dilatada carreira ten participado en máis de 100 conferencias a nivel internacional e ten publicado máis de 100 artigos sobre as mulleres empresarias e as microempresas; o impacto das microfinanzas nas mulleres; xénero, pobreza e desenvolvemento; políticas de igualdade de xénero; empoderamento das mulleres e os grupos de autoaxuda; ou a intervención das oenegués nos grupos de autoaxuda das mulleres rurais de Tamil Nadu a través dos microcréditos, rexión da India na que Implicadas/os no desenvolvemento leva traballando dende 1998 apoiando proxectos perdurábeis xestionados por contrapartes locais cun enfoque de xénero, como único xeito de avanzar cara un desenvolvemento humano.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES DA Dra. N. Manimekalai EN GALIZA:

Mércores 11 de abril: Vigo

Centro Social Caixanova, 20 h. Conferencia: "O microcrédito e o empoderamento das mulleres"

Xoves 12 de abril: Pontevedra

Factoría do Sur, 20h. Conferencia: "A explotación das traballadoras do sector téxtil en Tamil Nadu".

Venres 13 de abril: Lugo

Museo Provincial de Lugo, 20 h. Conferencia: "Xénero e desenvolvemento na India".

Luns 16 de abril: TVG

TVG, 9.45 h. Emisión da entrevista a Dra. Manimekalai no programa A Entrevista, no espazo Bos Días, presentado por Marga Pazos e Carlos F. Amado.

[segue]

[continuación]

Martes 17 de abril: Cidade Universitaria (Vigo)

Salón de Actos da Facultade de Filoloxía e Tradución, 11.30 h. Conferencia: "Xénero e desenvolvemento na India".

Mércores 18 de abril: Santiago

Reunión de traballo coa directora xeral de Cooperación Exterior, Fabiola Sotelo Sotelo.

Mércores 18 de abril: Santiago

Club Internacional de Prensa, 20 h. Conferencia: "O microcrédito e o empoderamento das mulleres".

Sábado 21 de abril: Santiago

Participación no curso Vanakkam que organiza Implicadas/os no desenvolvemento. O curso terá lugar no local da Asociación Veciñal "A Xuntanza" de Santiago de Compostela (Rúa Fraguas, 37, baixo). O Vanakkam é un programa formativo sobre a cooperación ao desenvolvemento de IND que inclúe unha visita aos proxectos de IND na India (Máis información: <http://www.implicadas.org/vanakkam.html>)

Gabinete de comunicación de *Implicadas/os no desenvolvemento*



IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO

Rúa das Camelias 114 local 2, Vigo - Tlf: 886111327 / 655104179

prensa@implicadas.org

Poden contactar con María Reimóndez no 626.604.251